

RELACION QUE FIXO "PELUDEZ" DA EXCURSION DE "LOS AMIGOS DE LOS CASTILLOS" DE LUGO A ALEMANIA EN ABRIL DE 1985.

===

¡Que me coma o outro maior si pensado tiña viaxar a Alimania! E mencos "Amigos da Boa Mesa", que se alcuñan "Amigos dos Castillos". Pero ago coido que teño algo de muller, pois cando á elas un lles pide casamento, cen: "¡XA veremos!" e por dentro están dicindo: "Que non tarde muito, pois a elas o que lles tarda é dar o SÍ."

Cando Tresa Merino, María Fuentes, Elena López e muitas outras me preguntaron si iba a Alimania, tamén lles decía: "¡XA veremos!" e tiña ganiñas ir. Pero cando o vaina de Cruz mo preguntou, deille un ¡NON! redondo. ¡Non parceu do caso darlle a Cruz o SÍ -¡qué noxo!-, porque podía celarse Cel ou que me puxesen verde por astrevido Berta Cruz e sua sobriña María Jo

Por eso determinei ir. Engatusei á Filomena hastra que me deu unha cación, mifeille unhos cartos, e xuntándome a un~~a~~ fato de Desocupadas e Desocupados, collín pra Alimania por ~~un~~ airoporto do que me da reparo dec o nome, pois chámalle LAVA COLLA, e se un se trabuca ó decilo... pode de o que non convén. Alí subín a un aviolo, e, cinchado coma un burro ó que n lle quitan a carga, pousáronme en Madril. E ¡Mala centella fenda ó novo roporto! Déronme nél unha camiñata que me fixo ver as estrelas por mor zapatos de estbena que levaba. ¡Menos mal que don Ignacio Azpeleta me de un pulo e moutei nunhas esclareiras que andan solas e soben a un! Despoi púxome noutras folgazanas, que andaban tamén, pero deitadas polo chan.

Tiven que subir a outro aviolo. Alí, unhas rapazas esgalichadas, que en tres non facían por ningún lado unha Filomena, botáronme pra comer nunha bandexiña unha zarapallada de paquetiños. ¡Máas que comer, fixéronme pasa o tempo desenvolvendo papeles! ¡Si hastra os coitelos e culleres viñan p chados en bolsiñas!... Debía de ser comida pra nenos, pois a min aquelas fuchicadas non me chegaron nin pra un dente.

O aviolo meteuse entre as nubes e, ó pousarse, dixeron que estábamos Alimania, en Franfur. E namáis poñer o pé no cemento, leváronnos en bebaño comás ovellas, ós ferrolanos, vigueses, lugueses, de Barreitos, Becerreá, Tab da e Ribadeu, e metéronnos, coma quen mete herba nunha palleira, en dous b ses. Despois andivemos muitas leguas neles. Eu, de ir tanto tempo sentado, tiña o... pan tan recocido coma o das monas. E cando paramos un guía mui pariposto e que falaba a saltos comó pazpallar, díxonos:

-Istamos qui in lo Eurropa.

Pensei que nos tomara por burros ós de Lugo, por non saber que Aliman está na Europa; pero acrarouse o conto, pois Europa era como se chmaba a da en que paramos, nunha vila que se chama Colonia e que é algo meirande nosa Colonia de Antonio Miño.

Na fonda non debían saber que entre os que chegamos había bos sachad no prato, pois botáronnos nunha taza unha auguiña esbrancuxada cunhas co sas dentro que parcián vermiños. Puxéronnos unhos cachiños de pan tan pe nos, si un tosía ó lado podían voar. E déronnos unha carne tapada con un be amarelo, que a min parciame... io que non digo, por respeito ás caras e estámagos dos que estaban presentes! Coa carne viña un repoliño tan pica i espapuxado que parciá... que xa outro o comera antes, e con él unhos he vellos bailando a jota asoparados. Menos mal que pra remate nos botaron ha cousa Mulce, que nos sacou o mal sabor do outro pasto.

Despois de abrir paquetiños na parva e tomar un chisco de café, ó out dia fomos prós bueses. No número ~~un~~ non iba o guía recastado de Pazpalla Iba un rapaz que falaba mui ben e sabía muito. ¡Craro, os pais eran de Mo forte, e a un gallego que sale fino, ipoden botarlle alimás que se queira que él quedará sempre por enriba! En Franfur atopamos lugueses que alí v ven: Pedemonte, un de Mondañedo, López Castro, profesor de Lugo i alí casad Sor Asunta, nacida en Sarria; e outra Sor, de Viveiro; todos ledos de atopanos.

No bus DOUS guiaba unha rapaza xeitosiña, unha anima mea que facía mo vter de risa co seu castillano a Esther e María García Portela, a Luisa quez, a Fabiola Esteban e outras rpaciñas -¡Dios as conserve guapiñas co agora! que iban no bus. Leváronnos a un sitio chamado BONN. Alí se que es os que mandan, pero debían estar ocupados nas casas altas e con muitos f rados, pois non vimos ningún. Tornamos pra COLONIA. Estivemos na Catedral polo alta, vén a ser en Catedral

O gallego do relato e o que para Keuarez, non o que crebera falar me acordar coas normas. No xa as i adeprendendo, como debemos facelo todos. "Peludez", ó que se vé, atense o refrán que di: "NUNCA ERRA QUEN FALA COMO NA SUA TERRA". E el fala así, como se fala na sua parroquia.